A lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlanse, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema galego de servizos sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

O ámbito subxectivo de aplicación desta norma ven determinado por aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

A propia Exposición de Motivos indica que, esta regulación autonómica, trata de avanzar no deseño de instrumentos legais e de servizos á cidadanía que equilibren tres aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza

e exclusión; o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para adquirir novas capacidades e cualificacións; e o dereito, unido á responsabilidade individual, de non permanecer nunha situación de dependencia crónica das prestacións públicas.

Esta normativa ten por finalidade facer fronte á actual situación das persoas en risco de exclusión social e ao xustifico aumento das necesidades sociais derivadas da intensidade e prolongación da crise, así como da situación actual provocada pola pandemia da COVID-19.

As prestacións económicas como a renda de inclusión social, as axudas de emerxencia e necesidade social e, as axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familias e, a estimular a súa incorporación social e laboral forman parte do catálogo de servizos sociais.

A lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia regula no artigo 21.1 e 21.2.b as denominadas axudas de emerxencia e necesidade social.

Estas axudas non terán carácter de subvencións, segundo a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas que, no seu artigo 29, modifica o artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta que os recursos e prestacións tórnanse insuficientes para atender a demanda do municipio, o Concello de Chantada vén a regular unha serie de recursos e prestacións económicas, baixo a denominación de Axudas de Emerxencia Social do Concello de Chantada co obxecto de dar cobertura a necesidades que de maneira transitoria e temporal non poden ser satisfeitas a través doutras prestacións públicas, tanto de ámbito autonómico como estatal. Comprende un conxunto de recursos e medidas que teñen por obxectivo, contribuír a promover a autonomía persoal, afrontar situacións de vulnerabilidade social, contribuíndo o benestar persoal e familiar, minguar elementos e factores de risco social, facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, e fomentar a convivencia comunitaria e a inserción sociolaboral.

En virtude das facultades atribuídas nas normas de referencia, o Concello de Chantada, na súa preocupación por garantir o benestar dos seus veciños e das súas veciñas desenvolve as Axudas de Emerxencia Social Municipais cun conxunto de medidas e recursos que dende a Concellería de Servizos Sociais do Concello de Chantada se concretan na regulación a través da presente Ordenanza, de conformidade coas seguintes disposicións:

Artigo 1.- Concepto.

As Axudas de Emerxencia Social Municipais do Concello de Chantada reguladas nesta ordenanza, son axudas de natureza económica e de pago único para persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social co fin de contribuír á súa protección e mellorar a súa calidade de vida.

Estas prestacións económicas, rexeranse polo disposto na presente ordenanza reguladora, no establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Artigo 2.- Obxecto.

É obxecto desta ordenanza a regulación das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Chantada destinadas a persoas ou familias en situación ou risco de exclusión social empadroadas e residentes no Concello de Chantada.

As axudas de emerxencia social comprenden as prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar procesos de inclusión social, así como atender situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear nun proceso de exclusión social.

Artigo 3.- Requisitos das persoas solicitantes.

As persoas solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes requisitos:

1.- Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente ou, no seu lugar, ter iniciado o trámite legal de emancipación.

2.- Estar empadroado e ter residencia efectiva no termo municipal de Chantada cunha antelación mínima de 6 meses á presentación da solicitude.

Deste período estarán exentos/as:

- a) As persoas que acrediten unha situación de emigrante retornado/a de acordo ao artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.
- c) Persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se tivese admitido a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

d) Vítimas de violencia de xénero ou doméstica que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.

3.- Constituír unha unidade de convivencia independente. Para os efectos desta ordenanza, considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente. Non obstante, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ao seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

4.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia segundo o establecido no artigo 4.

5.- Concorrenza de factores que indiquen unha situación ou risco de exclusión social.

6.- Non dispoñer de bens móbiles ou inmobles, distintos á vivenda habitual, sobre os que posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que se solicita a axuda.

7.- Non ter recursos propios que cubran a totalidade da necesidade para a que se solicita a prestación.

8.- Non ter percibido axuda económica municipal no ano natural, superior ao límite establecido, ningún membro da unidade familiar.

9.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade.

10.- Cumprir coa escolarización e asistencia regular a clase dos menores en idade de escolarización obrigatoria.

11.- Non ter pendente de xustificar outra/s axuda/s de emerxencia social do Concello de Chantada.

Excepcionalmente, en casos debidamente motivados e valorados polo persoal técnico de Servizos Sociais, poderán ser beneficiarios/as aquelas persoas que non reunindo os requisitos anteriormente mencionados, se atopen nunha situación de necesidade sobrevida.

Artigo 4.- Requisitos económicos das persoas beneficiarias.

O cómputo total dos ingresos mensuais da unidade familiar da que forma parte o solicitante non poden superar o 125% do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da Risga que lle correspondería (Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, art. 49).

- Subsidio básico: 75% do IPREM mensual.
- 1º convivente adicional: o 14 % do importe mensual do IPREM.
- 2º convivente adicional: o 26 % do importe mensual do IPREM.
- 3º e sucesivos ou sucesivas conviventes adicionais: o 36 % do importe mensual do IPREM.

Non se considerarán como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os que seguen:

- Os ingresos non regulares de escasa contía que únicamente resulten un complemento de supervivencia.
- Os ingresos de carácter finalista, concedidos por outras administración ou entidades, para fins concretos dirixidos á formación regrada, axudas de vivenda outras axudas finalistas.
- Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación.
- As libranzas do sistema de dependencia.

Excepcionalmente poderanse conceder axudas a familias con ingresos superiores aos sinalados anteriormente cando quede demostrado o estado de necesidade, coa documentación pertinente e unha vez realizada a valoración e proposta polos profesionais dos Servizos Sociais correspondentes.

Artigo 5.- Tipoloxía das axudas e determinación da contía.

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos orixinados polas seguintes situacións de necesidade:

1. Necesidades básicas: con carácter xeral aloxamento, alimentos (alimentos perecedoiros e non perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo -celiacos/as, diabéticos/as, etc.), vestiario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria (p. ex., produtos de hixiene e limpeza) e débedas ocasionadas por estes mesmos conceptos.

A contía anual establécese en función do número de membros da unidade de convivencia e segundo se recolle na seguinte táboa:

Nº de membros	contía anual máxima*
1	100 % iprem
2	120 % iprem
3	140 % iprem
4	160 % iprem
5 ou máis	180 % iprem

*Iprem mensual vixente en cada anualidade.

- Vinculadas o uso e mantemento da vivenda: Débedas adquiridas por pagamentos de alugamento, fianza, e aquelas que por valoración técnica se estimen necesarias no referente ao mantemento e conservación da vivenda. Débedas adquiridas por pagos de gastos ocasionados por motivo do uso básico da vivenda habitual: auga, luz, gas, outros valorados. Contía: até un máximo do 125 % do iprem mensual.
- Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: Destinadas á adecuación da vivenda sempre e cando os acondicionamentos sexan imprescindibles, de xeito que sen eles non sexa posible o mantemento da vivenda habitual, así como á mellora da súa accesibilidade universal, co fin de adaptala ás circunstancias da persoa usuaria. Procede a concesión destas axudas no suposto de vivendas en propiedade, así como nas cedidas cando se xustifique a autorización para a permanencia nelas, sen que en ningún caso proceda a súa concesión para a realización dunha rehabilitación integral da vivenda. Contía: até un máximo do 180 % do iprem mensual.
- Falta de cobertura económica para a adquisición de equipamento básico para o fogar: entendéndose como tal, o mobiliario e electrodomésticos básicos e de primeira necesidade. Contía: até un máximo do 100 % do iprem mensual.
- Para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais: Cando se trate de tratamentos, elementos protésicos ou axudas técnicas que sexan decisivos para evitar un déficit sensorial, de mobilidade, de saúde ou unha situación persoal de desvantaxe que impida ou dificulte gravemente o proceso de integración social. Contía: até un máximo do 100 % do iprem mensual.
- Outros gastos excepcionais, valorados pola traballadora/traballador social do Concello, como indispensables para prever a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias non recollidos nos apartados anteriores ou por outro tipo de prestación ou axuda, e logo de valoración técnica, tales como pago dun aloxamento alternativo cando sexa imposible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual, limpeza extraordinaria en domicilio cando exista risco sanitario, enterramentos, itinerarios de inclusión social e formación, etc... Contía: axustarase a contía da axuda á necesidade valorada polo persoal técnico de Servizos Sociais.

O máximo anual que se poderá conceder por unidade de convivencia, por distintos conceptos será o 180 % do iprem mensual, a non ser que a situación presentada sexa tan excepcional que haxa que prever unha axuda superior.

Artigo 6.- Solicitude e documentación acreditativa.

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude xunto coa seguinte documentación:

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante e dos maiores de 16 anos da unidade familiar ou documentación acreditativa da identidade en vigor.
- Copia do libro de familia, no caso de dispor del só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.
- Copia da sentenza de separación/divorcio/garda e custodia, de ser o caso.
- Copia da denuncia por impago de pensions, de ser o caso.
- Título de familia numerosa.
- Certificado de monoparentabilidade emitido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- Copia da tarxeta de desemprego ou mellora de emprego dos maiores de 16 anos, ou certificado de escolarización.
- Copia do contrato de aluguer/ recibo de aluguer/ recibo do IBI ou recibo de hipoteca.
- De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, certificado de prestacións do servizo público de emprego, subsidio de desemprego, Risga ou de calquera outra prestación ou pensión que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia.
- Certificado de altas e baixas da Seguridade Social dos membros adultos da unidade familiar (vida laboral).

11. Declaración responsable de ingresos dos membros adultos unidade familiar, segundo modelo oficial (anexo III).
12. Fotocopia do contrato de traballo e da última nómina dos maiores de 16 anos que realicen actividade laboral.
13. Certificados bancarios dos saldos das contas correntes, depósitos, etc.
14. Extracto de movementos bancarios dos últimos doce meses de todas as contas das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar.
15. Informe emitido polo/a facultativo/a do Servizo Galego de Saúde nos casos nos que se solicite unha Axuda de Emerxencia Social Municipal que teña que ver coa saúde da persoa solicitante ou coa persoa menor de idade ao seu cargo.
16. Orzamentos e/ou factura dos gastos para os que se solicita a axuda.
17. Copia do certificado de discapacidade ou solicitude de revisión do grao da persoa solicitante, ou membro da unidade de convivencia, cando proceda.
18. Acreditar debidamente a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica. O documento acreditativo da situación de violencia debe estar emitido no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, así mesmo, a ruptura de convivencia debe terse producido no devandito período.
19. Autorización para a consulta de datos en Administracións públicas.
20. Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio da persoa solicitante, e dos demais membros da unidade de convivencia.
21. Documento de domiciliación bancaria segundo modelo oficial do Concello (ficha a terceiros debidamente cuberta - anexo IV).
22. Documento delegado de pago, de ser o caso (segundo modelo - anexo V).
23. Certificado de escolarización dos fillos e fillas en idade obrigatoria.
24. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da súa solicitude lle poida ser requirida durante a súa tramitación, ou que xustifiquen a situación de emerxencia.

Artigo 7.- Forma, lugar e prazo de presentación.

- O procedemento iníciase coa presentación da solicitude, en modelo oficial (anexo I) dirixida ao Sr. Alcalde Presidente, por parte da persoa interesada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios previstos na normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público, vixente en cada momento, acompañada da documentación esixida en cada caso.
- Así mesmo poderase incoar de oficio previo informe emitido polos/as traballadores/as sociais que iníciarán e tramitarán o expediente a todos os efectos.
- A documentación especificada no artigo 6 presentarase no Rexistro Xeral do Concello, ou polas outras vías previstas da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas onde se rexistra e cotexa a documentación xunto coa solicitude da axuda. Entregaráselle a persoa petionaria copia da solicitude co rexistro de entrada no Concello.
- O prazo para a presentación da solicitude de axudas estará aberto todo o ano.
- A concesión destas axudas estarán condicionadas a dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 8.- Instrución dos expedientes.

1. Os traballadores ou traballadoras sociais dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Chantada recibirán a solicitude e procederán a tramitación do expediente.
2. Unha vez recibida a documentación requirírase, se é o caso, á persoa interesada para que proceda á corrección de erros e para a achega da documentación necesaria no prazo de 10 días, comunicándolle que en caso contrario se lle terá por desistida a súa petición, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, arquivándose o expediente sen máis trámite.
3. O/A traballador/a social que instrúa o expediente poderá ordear que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polos interesados. Igualmente, poderá requirir a estes as aclaracións por escrito e a documentación necesaria para poder resolver.
4. Unha vez completado o expediente, emitírase o preceptivo informe social no que se acredite a necesidade e/ou urxencia da axuda e a proposta correspondente, condicionado ao informe favorable de fiscalización do gasto do Servizo de Intervención de Fondos.

Artigo 9.- Resolución.

1. A resolución correspóndelle ao/á alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a delegado/a, e deberá producirse nun prazo máximo de tres meses, contado dende a data de entrada da solicitude no Concello de Chantada. A resolución debe especificar:

- a) Se procede ou non a concesión da axuda.
- b) Tipo de axuda, contía, forma de pagamento e duración, se é o caso.

Transcurrido o dito prazo sen que se producira a resolución expresa e notificada esta, o interesado poderá entender desestimada a súa petición por silencio administrativo.

2. En todo caso, a axuda concederáse en función dos créditos dispoñibles no Concello de Chantada para estas prestacións. Polo tanto, non bastará para recibir a axuda con que o interesado reúna os requisitos e condicións anteriormente sinalados, senón que será necesario, ademais, que a súa petición poida ser atendida tendo en conta as dotacións orzamentarias existentes.

Artigo 10.- Pagamento das axudas de emerxencia social.

- Unha vez aprobada a concesión da axuda por parte do órgano competente e previa presentación da factura ou recibo correspondente, en caso de que non se tivese achegado coa solicitude, procederáse ao pagamento do importe concedido.
- O pagamento efectuaráse á persoa física ou xurídica emisora da factura no número de conta que figure no expediente administrativo, segundo o documento de cesión do dereito de cobro. O departamento de intervención - tesourería achegará os correspondentes xustificantes de pago ao expediente.
- En casos excepcionais e debidamente xustificados no expediente cabe a posibilidade de pagamento á persoa solicitante, que deberá de presentar documentación xustificativa do emprego da axuda, para o concepto para o que foi concedida, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao cobro da axuda.
- Esta cantidade poderá ser obxecto de pago fraccionado en función do que se determine no decreto con base na proposta de resolución.

En todo caso para o pagamento da axuda teranse que seguir cumprindo os requisitos que deron lugar á concesión da mesma.

Artigo 11.- Notificación ás persoas interesadas

- A resolución adoptada será notificada as persoas interesadas no domicilio que para efectos de notificacións figure no expediente e, se é o caso, ás entidades colaboradoras que proceda, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais lexislación sobre a materia.
- Contra a resolución ditada poderanse interpoñer os recursos pertinentes conforme á normativa vixente.

Artigo 12. - Obrigas das persoas beneficiarias e perceptoras

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a:

1. Comunicar ao/a traballador/a social de referencia, todas aquelas variacións habidas na súa situación sociofamiliar, económica e de domicilio que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude da axuda nun prazo de 15 días.
2. Destinar a cantidade percibida aos fins para os que a axuda foi concedida.
3. Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins para os que foron concedidos.
4. Presentar a documentación xustificativa de aplicación dos fondos para a finalidade para a que foron concedidos, en caso de pagamento a persoa perceptora.
5. Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais Comunitarios para avaliar a súa situación sociofamiliar e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.
6. Escolarizar aos/as menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria.

Artigo 13.- Causas de denegación.

Poderán ser denegadas aquelas axudas nas que, pese a cumprir cos requisitos establecidos, poida concorrer algunha das seguintes circunstancias:

1. Que existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade de prestarlle axuda nos casos que determinen os Servizos Sociais, logo da valoración pertinente.

2. Que a causa principal da residencia no municipio sexa a realización de estudos.
3. Que a axuda non sexa a adecuada, ou que a mera concesión non dea resposta á resolución da problemática presentada.
4. Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.
5. Que no prazo dos 12 meses anteriores á solicitude lle fora extinguida ou revogada calquera outra axuda ou prestación social por incumprimento das condicións establecidas na súa concesión. Este incumprimento deberá ser debidamente valorado polos Servizos Sociais.
6. Incumprimento da obriga de xustificar a axuda de emerxencia social percibida nos últimos 12 meses.
7. Renuncia á solicitude presentada.
8. Falecemento da persoa solicitante.
9. Traslado da residencia da persoa solicitante a outro concello.
10. Desaparición das causas que deron lugar á presentación da solicitude.
11. Non cumprir os requisitos estipulados e/ou superar o límite económico da presente ordenanza.
12. Falsidade ou ocultación de datos.

Artigo 14.- Revogación das axudas

1. A utilización da axuda para finalidade distinta daquela para a que foi concedida, constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu inmediato reintegro, previo requerimento polo órgano competente que, de non ser atendido, promoverá a acción executiva que corresponda, sen perxuízo das actuacións civís, penais ou doutra índole que procedan se é caso.
2. A falsidade ou ocultación de calquera dos datos declarados dará lugar á denegación da axuda, aínda cando se reuniran os requisitos para a concesión.
3. Transcorrido un prazo de dez días desde que axuda está disposta para ser aboada, sen que o ingreso se puidera efectuar por causas imputables ao interesado, poderase proceder á revogación da axuda.

Artigo 15. - Réxime de incompatibilidades.

Será incompatible a concesión da axuda económica co desfrute gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades, salvo en casos en que o persoal técnico de servizos sociais determine o contrario.

Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que teñan sido concedidas por outras Administracións ou organismos públicos. Exceptuarase este último requisito, de maneira xustificada, se a axuda concedida non solucionase a necesidade, podendo neste caso complementarse dende esta Administración.

Non se concederán axudas destinadas á amortización das débedas contraídas con esta ou outras administracións públicas, nin para o aboamento de servizos prestados por estas, ou que poderían selo, salvo que concorran no solicitante circunstancias moi excepcionais que o fagan aconsellable ou necesario.

Artigo 16. - Protección de datos.

De acordo co disposto no Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes na materia, infórmase que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Chantada, onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, as persoas titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a súa tramitación.

Disposición final única

A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia do Acordo Plenario de Aprobación Definitiva. De non presentarse reclamacións e suxestións, entenderase aprobado o acordo ata ese momento provisional.

Contra o presente Acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO II**DOCUMENTACIÓN**

1. Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante e dos maiores de 16 anos da unidade familiar ou documentación acreditativa da identidade en vigor.
2. Copia do libro de familia, no caso de dispor del só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.
3. Copia da sentenza de separación/divorcio/garda e custodia, de ser o caso.
4. Copia da denuncia por impago de pensions, de ser o caso.
5. Título de familia numerosa.
6. Certificado de monoparentabilidade emitido pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
7. Copia da tarxeta de desemprego ou mellora de emprego dos maiores de 16 anos, ou certificado de escolarización.
8. Copia do contrato de aluguer/ recibo de aluguer/ recibo do IBI ou recibo de hipoteca.
9. De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, certificado de prestacións do servizo público de emprego, subsidio de desemprego, Risga ou de calquera outra prestación ou pensión que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia.
10. Certificado de altas e baixas da Seguridade Social dos membros adultos da unidade familiar (vida laboral).
11. Declaración responsable de ingresos dos membros adultos unidade familiar, segundo modelo oficial.
12. Fotocopia do contrato de traballo e da última nómina dos maiores de 16 anos que realicen actividade laboral.
13. Certificados bancarios dos saldos das contas correntes, depósitos, etc.
14. Extracto de movementos bancarios dos últimos doce meses de todas as contas das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar.
15. Informe emitido polo/a facultativo/a do Servizo Galego de Saúde nos casos nos que se solicite unha Axuda de Emerxencia Social Municipal que teña que ver coa saúde da persoa solicitante ou coa persoa menor de idade ao seu cargo.
16. Orzamentos e/ou factura dos gastos para os que se solicita a axuda.
17. Copia do certificado de discapacidade ou solicitude de revisión do grao da persoa solicitante, ou membro da unidade de convivencia, cando proceda.
18. Acreditar debidamente a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica. O documento acreditativo da situación de violencia debe estar emitido no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, así mesmo, a ruptura de convivencia debe terse producido no devandito período.
19. Autorización para a consulta de datos en Administracións públicas.
20. Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio da persoa solicitante, e dos demais membros da unidade de convivencia.
21. Documento de domiciliación bancaria segundo modelo oficial do Concello (ficha a terceiros debidamente cuberta).
22. Documento delegado de pago, de ser o caso (segundo modelo).
23. Certificado de escolarización dos fillos en idade obrigatoria.
24. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da súa solicitude lle poida ser requerida durante a súa tramitación, ou que xustifiquen a situación de emerxencia.

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS PARA SERVICIOS SOCIAIS

DECLARANTE			
Solicitante:			
DNI/NIE/Pasaporte:		Tfno:	
Domicilio:			

DECLARO			
Que os ingresos dos membros da miña unidade familiar son os seguintes:			
Nome e apelidos	dni/nie/pasaporte	relación/parentesco	ingresos
<p>Que os ingresos totais da miña unidade familiar son de.....euros, incluídos os ingresos procedentes de salarios, pensións, rendas, prestacións, ou calquera outro tipo de ingresos que puidera percibir en España ou noutro país.</p> <p>Que tanto eu coma o resto dos membros da unidade familiar dispoñemos dos seguintes bens co valor total de.....euros.</p> <p>Que dispoñemos das seguintes contas, depósitos bancarios ou outros produtos financeiros, tanto en España coma noutro país estranxeiro, co seguinte saldo/valor total de.....euros.</p> <p>Que nin eu nin ningún membro da unidade familiar percibimos ningún tipo de ingreso e non dispoñemos de ningún bens, contas, depósitos bancarios ou outros produtos financeiros, tanto en España coma noutro país estranxeiro.</p>			
Que os membros da miña unidade familiar solicitaron ou recibiron subvencións ou axudas doutras administracións públicas para a mesma finalidade: SI NON			
CLASE DE PRESTACIÓN	ORGANISMO AO QUE SOLICITOU	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE PERCIBIDO
OBSERVACIÓNS:			

Chantada,

Sinatura

ANEXO IV

MODELO PARA ALTAS DE TERCEIROS - ANEXO IV

1. DATOS PERSOAIS IDENTIFICATIVOS		
N.I.F. / C.I.F.		
Apelidos e nome / Razón social		
Domicilio		Código Postal
Población	Provincia	Teléfono
<p>AUTORIZA á Tesourería do Concello de Chantada para que as cantidades que deba percibir sean transferidas na entidade financeira e aos datos bancarios sinalados no APARTADO 2.</p> <p>..... a de de</p>		
O Autorizante,		
Asdo.....		
2. DATOS BANCARIOS		
IBAN		
PAGOS EUROPEOS NON NACIONAIS / BIC		
Nome da Entidade		Sucursal
<p>CERTIFICAMOS que a conta bancaria anteriormente sinalada, figura aberta nesta entidade financeira ao N.I.F. e nome do seguinte titular (O TITULAR DA CONTA CORRENTE DEBE SER O MESMO QUE O INTERESADO QUE FIGURA NO APARTADO 1)</p>		
N.I.F. / C.I.F.		
Apelidos e nome / Razón social		
POLA ENTIDADE DE CRÉDITO		
(Data, selo e sinatura)		
Asdo.....		

ANEXO V

CESION DO DEREITO DE COBRO (Pago delegado) – ANEXO V

En calidade de solicitante dunha Axuda de emerxencia social no Concello de Chantada,

N.I.F. / C.I.F.

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Apelidos e nome / Razón social

CEDO O DEREITO DE COBRO A

N.I.F. / C.I.F.

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Apelidos E nome / Razón social

O CESIONARIO AUTORIZA á Tesourería do Concello de Chantada para que as cantidades que deba percibir sexan transferidas na entidade financeira e aos datos bancarios sinalados.

O CEDENTE,

O CESIONARIO,

Asdo.....

Asdo.....

DATOS BANCARIOS	
IBAN	
PAGOS EUROPEOS NON NACIONAIS / BIC	
Nome da Entidade	Sucursal
CERTIFICAMOS que a conta bancaria anteriormente sinalada, figura aberta nesta entidade financeira ao N.I.F. e nome do seguinte titular (O TITULAR DA CONTA CORRENTE DEBE SER O MESMO QUE O INTERESADO QUE FIGURA NA CESIÓN DO DEREITO DE COBRO)	
N.I.F. / C.I.F.	
Apelidos e nome / Razón social	
POLA ENTIDADE DE CRÉDITO	
(Data, selo e sinatura)	
Asdo.....	

Chantada, 3 de xuño do 2.022.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1522

O CORGO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

O Alcalde, por Resolución do 5 de novembro de 2021, aprobou a oferta ordinaria de emprego público para o exercicio 2021, no que se contemplaban, ademais, as prazas ou postos de traballo que, estando dotados orzamentariamente, estaban ocupadas de xeito temporal e ininterrompidamente nos termos establecidos no Real Decreto-Lei 14/2021, de 6 de xullo, para a estabilización do emprego temporal. Asimesmo, a citada Resolución contemplaba as taxas adicionais para a referida estabilización de emprego temporal contempladas na disposición adicional 23 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de orzamentos do Estado para o 2021.

Observado que o anuncio da referida oferta, publicado no BOP nº 292, do 22 de decembro de 2021, contén un erro referido ao ano da oferta de emprego público e a omisión dos epígrafes nos que se indica a lei e apartado en que se fundamenta a estabilización, por Resolución da Alcaldía do 23 de maio de 2022 acordouse corrixir o referido edicto, que queda redactado como segue:

“Por Resolución da Alcaldía do 5 de novembro de 2021 aprobouse a oferta de emprego público deste Concello para o **ano 2021**, que contén as prazas que se citan de seguido:

Corporación: Concello do Corgo

Número de Código: 27014

A) PRAZAS DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS:

PERSONAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO DE COTIZACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT
2	Técnico de atención á infancia PAI	2	Xornada Completa	Técnico de atención á infancia (reposición de efectivos-servizo prioritario)

B) TAXA ADICIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición adicional 23 da Lei 11/2020, de 30 de decembro de 2020, de orzamentos xerais do Estado para 2021)

B.1. Prazas ocupadas temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005:

PERSONAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO DE COTIZACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT
1	Traballadora Social	2	Xornada Completa	Traballador Social (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada completa	Auxiliar de axuda no fogar Posto nº 1 (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada completa	Auxiliar de axuda no fogar Posto nº 2 (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)
1	Axente de Emprego	2	Xornada completa	Axente de Emprego (Ocupada temporalmente antes do 01/01/2005)

B.2. Prazas ocupadas alomenos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016:

PERSOAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO DE COTIZACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT
1	Informador xuvenil-encargado telecentro	2	Xornada parcial (5h)	Informador Xuvenil (Ocupada temporalmente 3 anos anteriores ao 31/12/2016)
1	Encargado instalacións e edificios municipais	10	Xornada Completa	Encargado Instalacións e edificios municipais (Ocupada temporalmente 3 anos anteriores ao 31/12/2016)
2	Tractoristas desbroce tratamentos preventivos	8	Xornada Completa	Oficial 2ª (Ocupadas temporalmente nos 3 anos anteriores ao 31/12/2016)

C. TAXA ADICIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO ART. 2 DO REAL DECRETO 14/2021, DE 6 DE XULLO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE (prazas ocupadas de xeito temporal e ininterrompidamente alomenos nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2020)

PERSOAL LABORAL FIXO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	GRUPO DE COTIZACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar Itinerario 1 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar Itinerario 2 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar Itinerario 8 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar - Itinerario 10 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar - Itinerario 13 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar Libranzas 1 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)
1	Auxiliar de axuda no fogar	10	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar Libranzas 2 (Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)

PERSONAL FUNCIONARIO:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	XORNADA
1	Auxiliar Administrativo (posto encargado contabilidade)	Administración Xeral	Servizos Xerais	C2	Xornada Completa

O Corgo, 2 de xuño de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1523

Anuncio

MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLO USO DA PISCINA E VESTIARIOS

MARCO ANTONIO GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO),

CERTIFICO:

Que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 27 de maio de 2022, acordouse a modificación do prezo público polo uso da piscina e vestiarios, que fora aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de maio de 2018 e modificado por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de maio de 2019. A modificación do prezo público entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo e queda redactado do seguinte xeito:

"PREZO PÚBLICO POLO USO DA PISCINA E VESTIARIOS

Primeiro.- É obxecto deste acordo o establecemento do prezo público polo uso das instalacións da piscina e vestiarios municipais, sitos na praia fluvial do Río Chamoso.

Segundo.- Están obrigados ao pago do prezo público regulado neste acordo, quen utilice as referidas instalacións, devengándose o correspondente prezo desde o momento da solicitude.

Terceiro.- O pago do prezo público realízase con carácter previo ao uso das instalacións.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, non se puidese facer uso das instalacións referidas, procederase á devolución do seu importe, ou ben permitir a súa utilización por outra data dispoñible, elixida polo interesado.

Cuarto.- O prezo público comprende o uso da piscina municipal, así como do resto das súas instalacións e os vestiarios anexos.

Quinto.- O importe do prezo público será o seguinte:

1º) Prezo público por uso durante o horario de apertura de un día natural: 2 €

2º) Bono para o uso durante 15 días: 15 €

Sexto.- As posibles débedas deste prezo público poderán esixirse en periodo executivo polo procedemento de apremio.

Sétimo.- O prezo público regulado neste acordo poderase reducir ou eximir do pago aos seguintes colectivos, sempre que así o decida o órgano competente, previo estudio razoado das causas que motivan a redución ou exención:

- a) Clubes e entidades inscritas en federacións, exclusivamente para cursos de natación.*
- b) Cursos de natación e actividades recreativas (campamentos de verán) organizados polo Concello do Corgo*
- c) Menores de idade cuxas familias se atopan en risco de exclusión social ou vulnerabilidade, con informe previo dos servizos sociais do concello.*
- d) Os nenos menores de 5 anos, sempre que vaian acompañados dun adulto, ata un máximo de tres nenos por acompañante.*

Oitavo.- O presente acordo terá efectividade ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo."

Recursos: Contra o presente acordo, poderá interpoñer, potestativamente o recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación ou interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sito en C/ Armando Durán, 27002- Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da referida notificación, sen poder simultanear ambos os dous, conforme se dispón nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndolle

que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

Para que conste, para xeral coñecemento, expídese o presente certificado, co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Corgo, 2 de xuño de 2022.

O SECRETARIO, Marco Antonio García-Gbilan Sangil - Vº E PRACE, O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

O Corgo, 2 de xuño de 2022.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1524

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

